

ACTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN E RESULTADOS DEFINITIVOS DA BAREMACIÓN PARA A SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA PRAZA DE MONITOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE MEIS CON CARÁCTER TEMPORAL POR VACANTE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 10:00 horas do día 24 de abril de 2026, reúnense os membros do tribunal cualificador do proceso de selección, mediante concurso, para unha praza de monitor/a deportivo/a, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0175, de data 24 de marzo de 2026, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 61, do 31 de marzo de 2026.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

Non asiste á sesión, por causa xustificada, D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis.

A Sra. Presidenta, que asiste telemáticamente, declara constituído o Tribunal e aberto o acto. Indícase que desde o Rexistro do Concello de Meis remítese unha alegación ou reclamación á listaxe cos resultados provisionais da cualificación final do proceso selectivo publicada no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello o martes día 21 de abril de 2026:

- Rexistro de entrada nº 2026-E-RE-608, de data 22 de abril de 2026: MONTECELO MAHIA, CRISTIAN ***8631**.

O Tribunal Cualificador, unha vez examinada a documentación achegada e de conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a alegación no que atinxe ao apartado de *experiencia profesional*. Á vista do informe de funcións presentado relativo aos contratos coa entidade DOWN PONTEVEDRA XUNTOS ASOCIACIÓN, considérase acreditada a adecuación das tarefas desempeñadas co posto obxecto da convocatoria. En consecuencia, outórgase unha puntuación de **4,50 puntos** neste apartado.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación formulada respecto do apartado de *cursos de formación e perfeccionamento*. O Tribunal considera, por unha banda, que as accións



formativas alegadas non gardan relación directa coas funcións propias da praza convocada, de acordo co establecido nas bases, e, por outra, que a documentación acreditativa dos devanditos cursos foi presentada fóra do prazo de presentación de solicitudes, polo que non pode ser obxecto de valoración. En particular, non se valoran os seguintes cursos:

- Socorrista en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais (Non garda relación co posto de traballo)
- Introducción a la neurociencia (fora de prazo)
- Coaching educativo (fora de prazo)
- Gamificación y STEAM Learning (fora de prazo)

TERCEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	(1)	(2)	(3)	TOTAL PUNTOS CONCURSO
COSTA MACIAS IÑIGO	***2468**	79,00	10,00	9,00	98,00
TABOADA GARCIA JAVIER	***0821**	58,50	10,00	10,00	78,50
DOVAL BLANCO JUAN MIGUEL	***6461**	43,50	10,00	10,00	63,50
MORAL CASTRO MARINA	***0065**	7,00	10,00	5,60	22,60
MONTECELO MAHIA CRISTIAN	***8631**	4,50	10,00	0,20	14,70

(1) EXPERIENCIA PROFESIONAL

(2) TITULACIÓN SUPERIOR

(3) CURSOS DE FORMACIÓN OU PERFECCIONAMENTO

CUARTO.- Propoñer á Alcaldía, de conformidade co disposto na base Décimo Primeira das bases que rexen a convocatoria, para a súa contratación, como persoal laboral temporal mediante contrato de substitución, de COSTA MACIAS IÑIGO, con DNI ***2468**, candidato que obtivo o primeiro posto do proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de monitor/a deportivo/a.

QUINTO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do concello [<https://meis.sedelectronica.gal>] e na páxina web do Concello: www.meis.gal.

Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico, alcaldesa-presidenta da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sendo as 10:30 horas dáse por rematada a sesión. E para que así conste, e aos efectos oportunos, expídese a presente acta, asinándoa electrónicamente todos os presentes en proba de conformidade.

